

**VILA DE CRUCES****EDICTO**

Mediante acordo plenario de data 4 de xuño de 2012 aprobouse inicialmente a Ordenanza reguladora das bases que rexen a concesión de axudas de emerxencia social do Concello de Vila de Cruces. Mediante edicto publicado no B.O.P de Pontevedra nº117 de 19 de xuño de 2012 ,estiveron expostas o público no prazo de trinta días hábiles , non presentándose reclamacións , polo que a citada aprobación elevouse a definitiva. En cumprimento do disposto no artigo 49 e 70 da Lei 7/1985 reguladora de Bases de Réximen Local ,faise pública a seguinte Ordenanza :

**ORDENANZA REGULADORA DAS BASES QUE REXEN A CONCESIÓN DE AXUDAS  
DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES****FUNDAMENTACIÓN**

Os Servizos Sociais municipais teñen como unha das súas funcións e tarefas mais consolidadas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación de dificultade derivada, a maior parte das veces, pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade, á que toda persoa ten dereito.

A súa competencia ven determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 60.8 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia atribuíndo ós Concellos a colaboración na xestión das prestacións económicas nos termos que regulamentariamente se establezcan, razón de ser da presente ordenanza dado a natureza regulamentaria da mesma. Asimismo esta Lei permite no seu artigo 59.k a colaboración por parte das Corporacións Locais na concesión de axudas.

As administracións públicas, neste caso o Concello, precisan dispoñer dunha ordenanza áxil e efectiva, de maneira que poida conciliarse a atención ás persoas en situación de emerxencia social coa normativa e os procedementos propios da administración e os que son de aplicación nestes casos.

A presente ordenanza trata de aunar ambos requisitos –atención efectiva ás necesidades sociais e cumprimento normativo- poñendo especial énfasis na axilidade do procedemento, xa que, unha parte importante da eficacia da prestación económica por emerxencia social reside en que a necesidade obxecto da axuda poida ser cuberta con inmediatez.

O procedemento a seguir non é o xeral de concurrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razóns de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2 c) da citada Lei.

**ARTIGO 1.—RÉXIME XURÍDICO**

A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de emerxencia social, rexiranse polo disposto na presente Ordenanza e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

**ARTIGO 2.—OBXECTO**

As prestacións económicas son axudas de emerxencia social destinadas a aquelas persoas cujos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario, necesarios para previr, paliar ou superar situacións de extrema precariedade económica ou procesos de exclusión social que non poidan ser cubertos con cargo a outro tipo de axuda, ben por falta de reunir os requisitos necesarios para acceder a elas, ou por o carácter urxente co que ten que cubrirse a necesidade.

**ARTIGO 3.—CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS**

Para a concesión das axudas económicas terán que cumprirse os seguintes criterios xerais:

- a) Situación acreditadas de necesidade.
- b) Que a necesidade obxecto da axuda esté valorada polos técnicos dos Servizos Sociais municipais e, sempre que sexa posible, debe formar parte dun Programa de Intervención Social coa persoa e/ou familia beneficiaria.

#### ARTIGO 4.—CLASIFICACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como:

1. Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: alimentos, vestuario, aloxamento e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.
2. Pequenos arranxos na vivenda habitual, cando éstos se consideren imprescindibles para a permanencia no domicilio.
3. Adquisición de mobiliario básico.
4. Limpeza e desescombros na vivenda habitual.
5. Libros e material escolar.
6. Outros gastos excepcionais valorados polos técnicos dos Servizos Sociais municipais como indispensables para previr a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias.

#### ARTIGO 5.—BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios desta axuda as persoas físicas para sí ou a súa unidade familiar que reúnan os requisitos que se recollen no apartado seguinte. Entendese por unidade familiar a formada por mais dunha persoa na que os seus membros convivan no mesmo domicilio.

En ningún caso poderá concedérselle ó titular do fogar ou calquera dos seus membros máis dunha axuda para situacións de emerxencia social ó ano polo mesmo concepto.

#### ARTIGO 6.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

1. Ser maior de idade.
2. Estar empadroado no Concello de Vila de Cruces de forma ininterrompida a lo menos cun ano de antigüidade.
3. Acreditar a situación de necesidade.
4. Aportar a documentación requirida en cada caso.
5. Aceptación expresa, por parte do usuario, das condicións que figuran no proxecto de intervención social, se é o caso.
6. Que os ingresos da unidade de convivencia, obtidos por calquer concepto, sexan iguais ou inferiores á cuantía da Renda de integración social de Galicia que no caso de ser perceptor da mesma lle correspondería. A título informativo o límite de ingresos para o ano 2012 constan no anexo I.

#### ARTIGO 7.—DOCUMENTACIÓN

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade dos membros da unidade familiar con obriga de obtelo. No suposto de extranxeiros tarxeta de residente ou outro documento que acredite a súa estancia legal no país.
- c) Fotocopia compulsada do Libro de Familia se ten menores a cargo.
- d) Xustificación dos ingresos de todos os membros da unidade familiar a través de:  
Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM, última Declaración da Renda, e no caso de non tela presentado Certificado de imputacións de rendas ou calquer outro documento que acredite os ingresos da persoa solicitante e da súa unidade familiar.  
Declaración responsable do interesado na que se faga constar, se e o caso, a carencia absoluta de rendas familiares.

e) Certificado do número de conta, se é o caso.

Para a tramitación do expediente poderase requirir o interesado calquer outro documento, dato ou informe sobre aqueles aspectos que poidan incidir na resolución do expediente.

Os efectos de integrar o expediente administrativo a documentación prevista no apartado anterior será completada polo Concello mediante os seguintes documentos:

1. Certificado de empadronamento
2. Certificado de convivencia
3. Informe Social

#### ARTIGO 8. PERCEPTORES

Poden ser perceptores das axudas:

- a) Os propios solicitantes e beneficiarios das axudas.
- b) Os provedores dos bens ou servizos para os que se conceda a axuda, debendo en tales casos ser autorizado o pago polo beneficiario ou proposto polos técnicos responsables da xestión da axuda.

#### ARTIGO 9.—FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

9.1.—A solicitude no modelo normalizado, acompañada da documentación complementaria especificada no artigo 7, presentarase no Rexistro Municipal, ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

9.2.—De maneira excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio, cando concurran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

9.3.—O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todos os meses do ano.

#### ARTIGO 10.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

10.1.—Ó órgano instructor será o Departamento de Servizos Sociais de Vila de Cruces que recibirá os expedientes procedendo a súa valoración por parte dos técnicos municipais de servizos sociais. A instrucción comprenderá as seguintes actividades:

- Petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións.

10.2.—O departamento de Servizos Sociais, comprobará que todas as solicitudes reúnan os requisitos esixidos nas presentes bases, requirindo ó interesado por escrito a emenda de defectos que houbese, con indicación de que se non emendan os erros no prazo de 10 días, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

10.3.—Revisada a documentación e completada, se fora o caso, remitirase a correspondente proposta formulada polos Servizos Sociais o órgano competente, que terá a función de acordar a concesión ou denegación desta axuda segundo os criterios recollidos nas presentes bases, previo informe de fiscalización do gasto pola Intervención municipal.

#### ARTIGO 11.—RESOLUCIÓN E ABONO DA AXUDA

11.1.—O órgano competente resolverá as solicitudes segundo se vaian presentando.

11.2.—En todo caso, a axuda concederase en función dos créditos dispoñibles no orzamento municipal para estas prestacións. Por elo, non bastará para recibir a axuda con que o solicitante reúna os requisitos e condicións anteriormente sinalados, senón que será necesario, ademais, que a súa solicitude poida ser atendida tendo en conta as dotacións orzamentarias existentes.

11.3.—Cando varíen as circunstancias que motivaron a solicitude, pero persista a necesidade da axuda, poderase modificar a finalidade da prestación a proposta do Departamento de Servizos Sociais, previo informe dos técnicos municipais de Servizos Sociais.

11.4.—A resolución adoptada será notificada ós interesados no domicilio que a efectos de notificacións figure no expediente, ó Departamento de Servizos Sociais e, no seu caso, ás entidades colaboradoras que proceda.

11.5.—Na notificación que se practique ós beneficiarios da axuda indícaráselle de forma expresa cales son as condicións que deben cumprir para facer efectivo o cobro da axuda. Asimesmo indícaráselle, tamén de forma expresa que, si no prazo de tres meses a contar dende a recepción da notificación do acordo de concesión non cumpren coas condicións establecidas, procederase por parte do Concello á revocación da axuda.

11.6.—Contra a resolución dictada poderán interpoñerse os recursos pertinentes conforme á lei.

#### ARTIGO 12.—ABONO DA AXUDA

Con carácter xeral as axudas aboaranse na conta corrente do beneficiario salvo que se delegue o pago a favor do proveedor ou que, por circunstancias sociais, precisen do ingreso directamente ó acreedor-proveedor ou outros, previa proposta dos técnicos municipais dos Servizos Sociais.

#### ARTIGO 13.—XUSTIFICACIÓN, REINTEGRO E CONTROL

13.1.—O beneficiario da axuda, unha vez outorgada ou concedida a mesma, deberá xustificar plenamente a efectiva utilización para a finalidade que previamente determinou a concesión da axuda. Para elo, deberá aportar factura orixinal ou fotocopia compulsada do gasto efectuado nun prazo máximo de tres meses a partir da concesión da axuda. En calquera caso ditas xustificacións deberán aportarse antes do 31 de decembro do ano en curso.

13.2.—Si a utilización polo beneficiario da axuda concedida non se realizase efectivamente sobre a finalidade prevista, o Concello de Vila de Cruces exisirá que os fondos recibidos sexan reintegrados á Facenda Municipal, producíndose o mesmo efecto para quen lle fora concedida unha axuda cando non cumprira os requisitos que determinaban o seu outorgamento.

13.3.—Procederá o reintegro da axuda nos casos seguintes:

- a) A obtención da mesma sen reunir as condicións requiridas para elo.
- b) Incumprimento das condicións impostas.
- c) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda.
- d) Incumprimento das obrigacións de xustificar.

13.4.—O procedemento de reintegro da axuda será o seguinte:

- a) O procedemento iníciarase de oficio, a iniciativa dos Servizos Sociais do Concello ou da Intervención Municipal, ou por formulación dunha denuncia.
- b) Na tramitación do procedemento concedarase ó interesado un prazo de audiencia de quince días.
- c) Finalizado o prazo de audiencia, o órgano competente, previos os informes oportunos, dictará resolución, acordando a procedencia ou non do reintegro.

#### ARTIGO 14.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS E PERCEPTORES

Os solicitantes das axudas están obrigados a:

1.—Comunicar os Servizos Sociais todas aquelas variacións habidas na súa situación socio-familiar, que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.

2.—Destinar a cantidade percibida a finalidade para a que foi concedida a axuda.

3.—Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins para os que se concedeu a axuda.

**ARTIGO 15.—RÉGIMEN DE INCOMPATIBILIDADES**

15.1.—Ningunha das axudas previstas na presente Ordenanza é incompatible con calquera outra das concedidas por outras administracións, tendo, en todo caso, carácter complementario a elas.

**ARTIGO 16.—RÉXIME DE INFRACCIONES Y SANCIONES**

1.—Constitúen infraccións administrativas en materia de axudas, as seguintes conductas, cando nelas interveñan dolo, culpa ou simple negligencia:

- a) A obtención da axuda falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando ás que a impedirán ou limitarán.
- b) A non aplicación das cantidades recibidas ós fins para os que a axuda foi concedida, sempre e cando non se procedera a súa devolución sin previo requerimento.
- c) O incumprimento, por razóns imputables ó beneficiario, das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da axuda.
- d) A falta de xustificación do emprego dado ós fondos recibidos.

2.—Serán responsables das infraccións os beneficiarios ou, no seu caso, as entidades ou persoas colaboradoras que realicen as conductas tipificadas.

3.—As infraccións sancionaranse mediante multa hasta o triple da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada.

Asimesmo, a autoridade sancionadora competente podera acordar a imposición das sancións seguintes:

- a) Pérdida, durante un prazo de hasta cinco anos, da posibilidade de obter axudas do Concello de Vila de Cruces.
- b) Prohibición, durante un prazo de hasta cinco anos, para celebrar contratos co Concello de Vila de Cruces.

A multa pecuniaria será independente da obriga de reintegro contemplado no artigo anterior.

**DISPOSICIÓN FINAL**

As presentes Bases entrarán en vigor e comezarán a aplicarse nos termos establecidos no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Serán publicadas no BOP e Taboleiro de anuncios municipal.

Vila de Cruces, a 23 de agosto de 2012.—O Alcalde, Jesús Otero Varela.

**2012008194**

---

---

# ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

## JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN

### De Pontevedra

#### E D I C T O

El/la Juez/a del Juzgado de Primeira Instancia e Instrucción número dos de Pontevedra.

Que en el Juicio de Faltas Inmediato 1697/12 de este Juzgado, se ha dictado la siguiente sentencia que contiene el fallo del siguiente tenor literal:

Condenar a José Ezequiel Regueira Paz como autor responsable dunha falta do artigo 623.1º do Código Penal á pena de TRINTA DÍAS multa cunha cota diaria de DOUS euros, que fan un total de SESENTA euros e cunha responsabilidade subsidiaria en caso de impago dun día de privación de



liberdade por cada dúas cotas impagadas que supoñen un total de quince días, reducíbeis proporcionalmente en caso de incumprimento parcial; e ao pago da metade das CUSTAS do presente procedemento.

Absolver a Vanesa Cruz de la Fuente.

En Pontevedra, a 7 de agosto de 2012.—El/La Secretario/a Judicial, ilexible.

**2012008160**

\* \* \*

## **De Vigo**

### **E D I C T O**

Don Juan Gundín Ozores, Secretario del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de Vigo.

Doy Fe y Testimonio: Que en el presente Juicio de Faltas número 1792/12 se ha dictado sentencia, cuya parte dispositiva dice:

Fallo: Condeno a Jenny Virgina Verde Moscoso como autora de una falta de hurto prevista en el artículo 623.1 del Código Penal a la pena de 30 días de multa a razón de 4 euros diarios, con responsabilidad de un día de privación de libertad por cada dos cuotas impagadas, lo que supone un total de 120 euros. Asimismo condeno a Jenny Virgina Verde Moscoso a indemnizar al establecimiento Stradivarius en la suma de 25,95 euros por los daños causados.

Acuerdo la entrega definitiva de los efectos intervenidos al establecimiento Zara.

Todo ello con imposición al condenado del pago de las costas procesales causadas en el presente procedimiento.

Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer recurso de apelación en el plazo de cinco días siguientes al de su notificación, ante este Juzgado, y del que en su caso, conocerá la Audiencia Provincial”

Y para que así conste y sirva de notificación de sentencia a Jenny Virginia Verde Moscoso, actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra, expido la presente en Vigo, a veintidós de agosto de dos mil doce.—El Secretario Judicial, Juan Gundín Ozores.

**2012008162**

\* \* \*

### **E D I C T O**

Don Juan Gundín Ozores, Secretario del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de Vigo.

Doy Fe y Testimonio: Que en el Juicio de Faltas número 738/12 se ha dictado sentencia cuya parte dispositiva dice:

Fallo: Absuelvo a Patricia Felgueiras da concepción por los hechos denunciados, sin pronunciamiento alguno en materia de responsabilidad civil.

Se declaran las costas de oficio.

Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer recurso de apelación en el plazo de los cinco días siguientes al de su notificación, ante este Juzgado, y del que, en su caso, conocerá la Audiencia Provincial.

Así por esta mi Sentencia, lo pronuncio, mando y firmo, Maria Jesús Sánchez Carbajales, Magistrada-Juez del Juzgado de Instrucción nº 2 de Vigo”